

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. En virtude do establecido no artigo 72 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, as faltas moi graves prescribirán:**

- A) Aos cinco anos.
- B) Aos catro anos.
- C) Aos tres anos.
- D) As faltas moi graves non prescriben.

**2. A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, recolle no seu artigo 8 as características da información previa ao consentimento. Segundo dito artigo, entre outros datos, a información deberá incluír (sinale a resposta INCORRECTA):**

- A) Identificación e descrición do procedemento.
- B) Alternativas razoables ao dito procedemento.
- C) Consecuencias previsibles da súa realización.
- D) Riscos pouco frecuentes, que non sexan de especial gravidade e estean asociados ao procedemento de acordo co estado da ciencia.

**3. En relación cos dereitos que o artigo 24 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero recoñece á funcionaria vítima de violencia de xénero, sinale cal dos seguintes NON está previsto en dito artigo:**

- A) Dereito á redución ou á reordenación do seu tempo de traballo.
- B) Dereito á mobilidade xeográfica de centro de traballo.
- C) Dereito á excedencia nos termos que se determinen na súa lexislación específica.
- D) Dereito á extinción da relación de traballo por vontade da funcionaria con dereito a prestación por desemprego.

**4. O artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece que as actuacións das Administracións públicas sanitarias estarán orientadas... (sinale a resposta INCORRECTA):**

- A) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.
- B) A promover o interese individual, familiar e social pola saúde mediante a adecuada educación sanitaria da poboación.
- C) A garantir que cantas accións sanitarias se desenvolvan estean dirixidas á investigación das enfermidades e os seus tratamentos.
- D) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.

**5. Segundo o artigo 16 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta de Galicia está composta por:**

- A) O presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, no seu caso, e os conselleiros.
- B) O presidente, os vicepresidentes, os conselleiros e os viceconselleiros, no seu caso.
- C) O presidente, os membros do órgano de goberno e o secretario.
- D) O presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, no seu caso, e os deputados.

6. En relación coas prestacións sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia, o artigo 51.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia establece que, sen prexuízo do disposto no artigo 13 da Lei de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, a atención hospitalaria comprenderá, entre outras, as funcións seguintes (sinale a resposta INCORRECTA):

- A) A indicación ou prescrición e a realización, no seu caso, de procedementos diagnósticos e terapéuticos.
- B) As atencións da saúde mental e a asistencia psiquiátrica e psicolóxica.
- C) A participación na docencia, a formación continuada e a investigación.
- D) A atención á saúde bucodental.

7. O artigo 9 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, recolle unha serie de requisitos que deberán reunir os aspirantes para poder participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo. Entre eses requisitos atópase:

- A) Estar en posesión da titulación esixida na convocatoria ou en condicións de obtela dentro do prazo de resolución do proceso selectivo.
- B) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente nomeamento.
- C) Ter cumprido dezaseis anos e non exceder da idade de xubilación anticipada.
- D) Non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou administración pública nos seis anos anteriores á resolución do proceso selectivo, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, no seu caso, para a correspondente profesión.

8. De acordo co artigo 26 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para acceder aos procesos de promoción interna, os aspirantes deberán:

- A) Ter a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ou inferior ao daquela á que se pretende acceder.
- B) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos na categoría de procedencia.
- C) Ostentar a titulación requirida.
- D) Todas as opcións anteriores son requisitos recollidos no artigo 26 para acceder aos procesos de promoción interna.

9. De acordo co artigo 66 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, procederá declarar ao persoal estatutario en excedencia por prestación de servizos no sector público:

- A) Cando presten servizos noutra categoría de persoal estatutario, como funcionario ou como persoal laboral, en calquera das administracións públicas, sempre que obtivese a oportuna autorización de compatibilidade.
- B) Cando presten servizos en organismos públicos e non lles corresponda quedar noutra situación.
- C) Cando accedan á praza de formación sanitaria especializada mediante residencia.
- D) Todas as respostas son correctas.

10. O artigo 16.2 da Constitución española establece que ninguén poderá ser obrigado:

- A) A declarar sobre o seu nacemento, raza, sexo ou opinión.
- B) A declarar sobre a súa orixe, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- C) A declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

1. En relación coa selección do persoal fixo e segundo o disposto polo artigo 6 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, cando as peculiaridades das tarefas específicas a desenvolver ou o nivel de cualificación requirida o aconsellen, a selección poderá realizarse:

- A) Polo sistema de oposición.
- B) Polo sistema de libre designación.
- C) Polo sistema de promoción interna.
- D) Polo sistema de concurso.

2. O artigo 18 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece unha serie de dereitos colectivos que ostenta o persoal estatutario. Dos seguintes, indique cal deles NON recolle o artigo 18 do Estatuto Marco:

- A) Dereito á reunión.
- B) Dereito á libre asociación profesional.
- C) Dereito á libre sindicación.
- D) Dereito á actividade sindical.

